



## ORZAMENTO 2025

**Asunto: Inclusión dos estados orzamentarios da Entidade e Consolidados que se alteran pola aceptación dunha emenda.**

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda en sesión extraordinaria do 23 de outubro, aprobou o calendario de tramitación do expediente que contén o Proxecto de Orzamentos para o ano 2025.

- Prazo de presentación de emendas entre o 23/10/2024 até as 13 horas do 31/10/2024.
- Resolución de emendas: 04/11/2024.
- Ditame da Comisión informativa: 07/11/2024.

Das emendas presentadas, foi aceptada a seguinte:

### EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA

#### A) De variación cualitativa

A emenda é parcial, supón a minoración dunha aplicación orzamentaria e o aumento de dúas por unha contía de 14.000 euros.

DIMINUCIÓN				INCREMENTO			
Aplicación	Previsto	Diminución	Definitivo	Aplicación	Previsto	Aumento	Definitivo
9204.2279901	423,191.07	14,000.00	408,191.07	3340.4800008	195,000.00	10,000.00	205,000.00
				9240.4890006	16,000.00	4,000.00	20,000.00
Total		14,000.00				14,000.00	

Segundo o informado, a aplicación que é obxecto de diminución, pode se obxecto de axuste á baixa, xa que o crédito estaba dotado en termos de licitación, sendo a diferenza entre a licitación e a adjudicación de 53.467,96 euros, polo que, a diminución da aplicación 9204.2279901, pola contía de 14.000 euros, é posible.

En canto aos incrementos, son subvencións nominativas, polo que hai que modificar o estado de relación de suxeitos e contías dos beneficiarios no devandito estado que forma parte do expediente.

A modificación non é substancial, supón un axuste de 14.000 euros.

#### B) de Corrección de erros.

Aplicación	Definición no Proxecto	Definición corrixida
3331.6230001	Climatización de salas da Casa das Artes	Climatización Salas da Casa Galega da Cultura
3410.4800016	Subv.Copa Europa Baloncesto cadeira de rodas	Axudas a desprazamentos actividades deportivas





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente Nº: 90/142

En canto á corrección de erros, no representa alteración algunha, nun caso, o que está errado é o inmoible sobre o que se van a facer as instalacións de climatización, e noutro caso, e alterar o concepto dunha subvención, que pasa de ser nominativa a concorrencia.

A incorporación de emenda altera os estados orzamentarios, que teñen que estar incorporados ao expediente no trámite de exposición pública, polo que, incorpóranse os estados da Entidade e os Consolidados que son obxecto de variación, que afectan aos seguintes estados:

Resume por capítulos de Gastos

Comparativo de gastos por capítulos.

Comparativo por Áreas de Gastos.

Comparativo por Políticas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos.

Clasificación por programas de gastos e partidas .

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Hai que incorporar igualmente o novo estado de subvencións nominativas, así como a relación de subvencións e transferencias correntes.

Os novos estados a incorporar son 14

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2024 11:37	Páxina 2 de 2
90-142	CSV: A7AAC3-A987D9-88A9B5-N2K36B-E37HU7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		